



A FALA DO FERRO: VOCABULARIO DOS FERREIROS, AS MULLERES, AFIADORES E OUTRAS XENTES DE RIOTORTO (LUGO)

Miguel Abreira Pérez

“Nalgún sitios atópase unha curiosa modalidade do Ferreiro, adicado á confección dun determinado produto e que emprega unha ferramenta peculiar e moi intresante. Hoxe quedan xa poucos, mais aínda se pode atopar algún, mellor dito o pobo enteiro, adicado a faguer excrusivamente fouce. Convén advertir que se trata de pobos adicados enteiramente a esta tarefa e que a súa industria desenrólase dun xeito semellante á dos oleiros ou á dos caleiros. A ferramenta fundamental é o mazo, martelo xigantesco do que quedan poucas mostras”¹.

Corría o ano 1962 cando o etnógrafo Xaquín Lorenzo, despois de describir o oficio dunha maneira xeral, escollía xustamente estas palabras para referirse a *“unha curiosa modalidade do ferreiro”*, diferente á que abundaba no resto de Galicia e de calquera comunidade rural tradicional:

Pola clara especialización do traballo: fouciños e ferramentas de corte.

Pola peculiar forma de organización: o pobo enteiro dedicado, dunha ou doutra maneira, a un mesmo e sistemático modo de traballar o ferro. A diferenza do que sucedía en Galicia, aquí non había un ferreiro en cada pobo, senón un en cada casa.

Polas ferramentas específicas das que se valían: o mazo, a trompa e a moa hidráulicas, así como polos pasos e procedementos técnicos que seguían na forxa.

1 LORENZO FERNÁNDEZ, 1962:536.

Xocas foi o primeiro investigador que soubo descubrir e dar a coñecer a enorme orixinalidade e importancia que o traballo do ferro presentaba nos núcleos de poboación espaxados á beira do rego de Ferreiravella, na conca do Eo e actual concello de Riotorto. Non obstante, os seus textos sobre este tema son só dous², e, pese á súa calidade, adoecen dunha brevidade excesiva así como dalgún erro, converténdose apenas nunha referencia a algo que, a todas luces, merecería un estudo máis fondo, como el mesmo quería dar a entender.

Cincuenta anos despois daquilo, gran parte da singularidade do oficio continúa vixente, ao contarse aínda en Riotorto unha ducia de ferreiros (que por idade e falta de relevo, serán posiblemente os derradeiros) e ao terse dado tan só moi puntuais cambios técnicos na súa forma de traballo, que segue sendo moi similar e orientada á mesma finalidade: forxar fouciños e coitelos valéndose dunhas técnicas moi concretas e particulares, que foron pasando oralmente dunhas xeracións a outras desde cando menos o século XVII.

Desde o ano 2001³, levamos desenvolvendo na zona traballos de carácter etnográfico coa finalidade, por unha parte, de rexistrar, documentar, caracterizar, e divulgar; e pola outra, coa de contribuír a mellorar, na medida da posible, o presente e futuro do oficio. Este artigo encádrase nese dobre propósito: o de encher

2 *Op.cit.* e LORENZO FERNÁNDEZ, 1963.

3 En traballos e tese de doutoramento dirixida polo doutor e catedrático José Manuel Vázquez Varela, Departamento Historia I, Universidade de Santiago de Compostela.

un baleiro que resulta incompreensible no conxunto do coñecemento etnográfico, e o de devolver aos que conservaron esta forma de vida (o traballo, os costumes, a fala ...) un pouco da dignidade e recoñecemento público que merecen.

Preséntase unha recollida ordenada e o máis exhaustiva posible daquelas voces peculiares e específicas que son de uso común nos ferreiros, as súas mulleres e as distintas variantes de peóns que nesta zona serviron ao oficio.

Como é lóxico, esta recollida non atende á normativa da lingua galega, nin tampouco á ningunha ética da linguaxe, senón tan só á intención de fixar por escrito as verbas propias dun modo de vida. Porque como todo dicionario, este vocabulario pretende ser imaxe leal dunha tradición e dun xeito concreto de falar, comunicar e entenderse. O das xentes de Riotorto no seu día a día, ao manexarse nas tarefas propias dese oficio que as caracterizou e as significou no mundo: o da forxa do aceiro.

A

ABALAR. Accionar o barquín reiteradamente para insuflar unha corrente continua de aire ao lume. *As mulleres dos ferreiros ían ao mazo a abalar.*

ABRIR. Quitarlle curva á folla dun fouciño, a golpe de mazo ou de martelo na forxa.

ACARBONADO. Carbón de pedra xa usado polo ferreiro e que, ao ir queimado, queda máis limpo, empregándoo aquel en ocasións como sucedáneo do carbón vexetal.

ACEIRO. Ferro con certa porcentaxe de carbono e doutros elementos, especialmente se é inoxidable. O ferreiro de Riotorto traballa sobre todo con aceiro ao carbono (F114), máis barato, máis axeitado para facer ferramenta de corte, e mellor de traballar na forxa

que o inoxidable, aínda que co inconveniente da súa oxidación se permanece mollado. É bo aceiro cando descubre ben na *templa* e corta ben.

AFIADOR. O que afía na moa fouciños, coitelos e outras ferramentas de corte para un ferreiro. O afiador era traballador esencial, co que se axustaba prezo cada ano en setembro e ao que non se lle pagaba nada ata o día de Santiago. Algúns aseguran ter afiado, nas moas do rego, a dezaioito mil fouciños por ano.

AFIAR. Rebaixar, puír e facer fío a unha ferramenta para que corte mellor.

ALBADO. Tubo en forma de ollo que o ferreiro fai a lume e martelo en determinadas ferramentas, para mangar nel un pau longo. *O albedo da fouce.*

ALDABARRA. Cada un dos soportes de ferro nos que oscilan os espigos ou tetas da boga, no mazo hidráulico.

ANCHO. *Foucín* de folla ancha que se fai para cortar herba, e que se manda a diversas zonas de Galicia e Castela e León.

ANCLA. Parte do fouciño que, sen fío e a xeito de pescozo, une a folla co mango, e que pode presentar variacións na súa lonxitude e forma, en función do modelo. Pode ser recta, torta ou levantada, de puxavante ...

APIADOIRO. Na moa hidráulica, comporta de madeira que, situada sobre a cal e accionada desde o interior polo afiador, servía para desviar a auga e evitar que movese o rodicio, detendo así todo o enxeño.

APOSTURAR. **1.** Golpes que se dan co martelo sobre os fouciños, para que vaian ben formados, aproximados, dereitos, coa folla máis baixa que o mango, e para que non se inclinen para diante (de punta) nin para atrás ao collelos na man. **2.** Asegurarse o ferreiro de que o foucín vai ben feito.

ÁRBOL. No mazo hidráulico, eixe de *duramadre* de carballo no que vai a roda (no extremo exterior) e tamén os catro malogreiros (preto do extremo interior) encargados de erguer o mango do mazo, transformando así o movemento de rotación noutro de percusión.

ARGOLA. **1.** No mazo hidráulico, peza de ferro que, a modo de aro e posta ao roxo, serve para rodear e reforzar outra de madeira. *O árbol leva varias argolas.* **2.** Nos coitelos e fouciños, pequena peza metálica destinada a reforzar os mangos e mellorar a aparencia.

ARREDONDAR. **1.** Na forxa, definir ben a forma do fío dun fouciño, apoiándoo sobre o extremo cónico da incre e petando co martelo sobre o canto da cota. **2.** No afiado, paso técnico consistente en pasar o fío do fouciño con moito coidado e suavidade sobre a moa, primeiro do medio da folla cara a punta, e despois desde a *ancla* cara o medio, e sempre por ambas caras, co obxecto de quitarlle as irregularidades. *E agora, arredóndolle o fío.*

B

BADANA. Prenda elaborada con pelexo de ovella ou de carneiro, que o ferreiro emprega para protexer das *muchicas* o peito, abdome e parte superior das pernas, e que tamén usa o afiador para gardarse da auga e a sucidade mentres afía.

BANZADO. En instalacións hidráulicas como o mazo ou a moa, depósito no que se acumula a auga, e que se sitúa ao pe do enxeño mesmo, onde o salto ou desnivel é maior.

BAÑO. **1.** Na forxa, depósito cheo de auga e situado a man, para *templar*, arrefriar, mollar ou lavar unha ferramenta. Adoita situarse na parte baixa do regazal (baño de *templar* os fouciños) e nunha pía ao pe da incre (baño cravuñar ou de *templar* os coitelos). **2.** Na moa, designa á pía que o afiador ten ao pe do banco no que senta, e que emprega para lavar a ferramenta e para levar auga á pedra de afiar por medio de canetas ou cánulas.

BARNIZ. Mestura de verniz para a madeira e gasolina (ou disolvente) que o afiador fai e aplica, con axuda dun pincel, sobre a folla da ferramenta despois de afiada e secada, co obxecto de que non oxide ou enferruxe ao contacto cos dedos das mans. Antigamente tense empregado aceite de cociñar, pero tiña o problema de que pegábaselle moito o po.

BARQUÍN. Fol de grandes dimensións que, instalado na forxa a un lado do regazal e accionada por medio dunha vara, permite proporcionar aire para avivar a combustión. Pode ser simple ou de dobre cámara, o que aumenta a súa capacidade de insuflado.

BARREIRA. Lugar do que o ferreiro extraía barro para axudarse a instalar a tubeira no regazal. No Mazo da Fraga, había unha barreira cruzando o río, na beira de Álvare.

BARRETA. Peza de aceiro, de forma estirada, cun ancho de trinta milímetros e un grosor de dez, da que parte o ferreiro ao empezar o seu traballo na forxa. Nos últimos anos, veuse substituíndo o seu uso polo de platinas, aínda de menor grosor e que permiten aforrar traballo.

BOCA. Parte coa que o mazo ou un martelo golpea o ferro ou aceiro en quente para modificar a súa forma, e que no primeiro dos casos é dobre e ambas extraíbles. *O ferreiro cravuña as bocas do mazo cada quince días.* É frecuente que nos mazos se usen dous tipos con formas diferentes en función da fase de traballo: así, para estirar ou sacar fouciños poñen bocas moi *lombarudas*, tanto a de baixo como de riba, xa que aplanan mellor o aceiro; en cambio para espalmar empréganas inclinadas, xa que así comen o corte, pero non a cota.

BODEGO. Construción pechada, a modo de dependencia accesoria, que o ferreiro destina a finalidades menores pero necesarias, como almacén de material ou espazo para a confección dos mangos. Nos mazos hidráulicos, de propiedade e uso compartido, cada ferreiro tiña un pequeno bodego de seu no que, baixo chave, deixaba carbón e ferramentas.

BOGA. Voluminoso aro ou argola de ferro que rodea o mango do mazo, e que ten dous saíntes laterais para apoiar nas *aldabarras* e poder así sosterse no aire.

BORRA. Restos de ferro, aceiro e carbón que se mesturan e acumulan no fondo do regazal coas altas temperaturas, formando unha pasta especialmente útil na operación técnica do caldeado. No Mazo da Fraga, para facer borra, o ferreiro axudábase de áreas de barro cocido, procedente do que empregara noutras ocasións para mangar a tubeira no regazal. Era frecuente que, co tempo e ao arrefriar, se formase no fondo do forno unha escoira que o ferreiro debía extraer periodicamente.

BORRECA. Queimadura das *muchicas*.

BRAIADA. Período de tempo de tres meses no que, cada ano, o traballo do ferro paraba por completo na comarca para centrarse nos traballos agrarios. A braiada comezaba ao rematar a campaña, o 25 de xullo de cada ano, e remataba coa volta ao traballo por parte de ferreiros, axudantes e afiadores, aló polo San Miguel.

BRAZADA. *Segar á.* Técnica de sega propia de zonas como Monterroso, Lalín ou Castela, consistente en coller a maior cantidade posible de herba en cada brazada, o que explica que os fouciños forxados en Riotorto e destinados a este labor tendesen a ser abertos ou moi abertos.

BRAZOS. Nas chas, extremo polo cal o ferreiro agarra esta ferramenta.

BREGADA. Dise da pedra da moa cando non está ben alisada, e require xa un picado, operación que o afiador levaba a cabo aproximadamente cada vinte fouciños afiados.

BROSA. Machado feito a calda.

C

CABEZAL. No mazo hidráulico, parte metálica na que apoian e xiran os *gorreóns* do *árbol*, e que tendía a quecer por causa da continua fricción, o que se remediaba levando un fío de auga a través dunha cánula desde o banzado.

CABRITA. No Mazo da Fraga, vara da que se tiraba para abalar no barquín.

CADEA. Nos mazos hidráulicos, trabe de madeira que une os cepos e serve para soste e asegurar o mango no que vai o mazo.

CAL/canal/canle. Nas moas hidráulicas, tramo feito co tronco dunha árbore ou con pedras nun lateral da construción, inclinado e de sección moi estreita, polo que a auga da presa chegaba ata un rodicio con palas, facéndoo xirar e accionando así todo o enxeño.

CALDA. Parte do aceiro que o ferreiro logra quentar dunha soa vez, para modificala a continuación co martelo sobre a incre, de tal modo que o número de caldas variará en función do tamaño da peza a forxar e do complexo que resulte facela. Durante o espalmado danse as *oito caldas*, divididas en *cinco caldas de torneo* e *tres caldas da auga*, aínda que o número pode variar en función do tamaño do focuín.

CALDAS da auga. Últimas caldas que o ferreiro dá ao focuín durante o espalmado, destinadas a cerralo, *aposturalo* e que vaia limpo, pechándoo case de todo e deixándoo xa coa forma final. Adoitan ser tres, pero este número pode variar en función do tamaño do que se fai. Curiosamente, neste proceso, a auga non toca en ningún momento ao focuín.

CALDAS de torneo. Primeiras caldas que o ferreiro dá ao focuín durante o espalmado para ir dando forma ao focuín e facer cada unha das súas partes. Son cinco, e sempre na mesma orde: parte de atrás da folla, *ancla*, rabo, calda do medio e punta.

CALDEAR/calzar. Técnica de forxa, complexa e en desuso, que consistía en soldar ferro e aceiro a base de sucesivas caldas no lume e golpes de mazo. Para este cometido era obrigado o uso de carbón vexetal, máis limpo e de maior calidade, e dun regazal baixo, que axudase a meter a calda na lava, borra ou pasta que se formaba ao pe da tubeira, debido ás altas temperaturas (próximas aos mil graos) e a presenza de áreas de barro, *carraspas* e outras impurezas.

CALEXO/calixeiro. Focuín de pequeno tamaño, que se emprega para cousa pequena, como apañar un pouco de herba, nabos ...

CALZAR. Ver *caldear*.

CAMPAÑA. Período de tempo duns nove meses, no que cada ano os ferreiros desenvolvían a pleno rendemento o seu traballo. En Riotorto, desde antigo a campaña iniciábase polo San Miguel (29 de setembro) parándose sempre na festividade de Santiago (25 de xullo), día no que se lle facía o pago acordado aos afiadores e peóns polo traballo de todo o ano.

CANETA/cánula. Estreito conduto de madeira ou aceiro (focuínos que se queimaron durante o forxado) que se emprega na moa para levar un fío de auga ata a pedra, ou no mazo hidráulico ata os puntos nos que existe algunha fricción entre pezas, co fin de refrixeralas e que non quezan.

CANÓN/trombo. Tubo que serve para conducir o aire xerado pola trompa desde o trobo, no que non atopa outra saída, ata o regazal, permitindo avivar a combustión en función do que se tire da vara da trompa ou da cantidade de auga que baixe polo *chifrón*.

CÁNULA. Ver *caneta*.

CARAMBELO. Acumulación de xeo que o afiador adoitaba atopar no lousado da moa nas mañás frías de inverno.

CARBÓN. Combustible que o ferreiro precisa para quentar o ferro ou aceiro e poder labralo a mazo e martelo. Antigamente empregábase só o vexetal, pero desde hai anos o carbón mineral é máis barato e doado de conseguir, e aquel resérvase só para a operación da *templa*, na que é preciso un carbón que non afume o aceiro.

CARBONERA. Focuín de folla ancha e con *ancla*, que se fai aínda para a sega en Castilla.

CARNE de vapore. Touciño gordo e sen febra, comprado e de peor calidade que o da casa, que viña con abundante sal e mal afeitado, e que as mulleres dos ferreiros cocían para levarlles diariamente aos afiadores. Tamén chamada *carne do barco*.

CARRASPA. Escamas prateadas que se desprenden do metal cando está quente, ao petar co martelo mollado en auga sobre el.

CASTELO. Ver *pecín*.

CERRAR. Curvar a folla dun fouciño a golpe de martelo sobre a incre, tanto durante o espalmado como no cravuñado.

CEPA. Carbón vexetal moi apreciado polos ferreiros, idóneo para caldear e *templar* na forxa, e que se obtén a partir da calcinación das raíces ou cepas da uz. Ultimamente caro e máis difícil de conseguir.

CEPITILLO. No mazo hidráulico, cepo de madeira de cerne soterrado no solo para servir de base sólida e segura á incre.

CEPO. 1. Nos mazos hidráulicos, armazón de madeira que, unido pola cadea, serve para soste o mango no aire e permitir que este bascule. Tamén o *árbol* vai nun cepo, no extremo oposto ao da roda. **2.** Na forxa, toro de madeira sobre o que se instala a incre e que se soterra en gran parte para darlle maior firmeza e estabilidade.

CESTO. O que usaban as mulleres dos ferreiros para carretar os fouciños (en manadas de dez en dez) e a comida do afiador ata a moa, no río, unha vez ao día, seis días á semana. Xeralmente, feito de costelas de castaño.

CHAS. 1. Tenaces do ferreiro, de brazos máis ben longos, para agarrar o metal en quente, e que varían na forma das súas pinzas, en función daquilo que pretenden agarrar (o rabo do coitelo, unha platina, as bocas do mazo ...). **2.** *De chas.* Nome que recibía o ferreiro que dirixía a operación do espalmado cando esta se facía coa axuda do *de malle*.

CHAVETA. Cada un dos pasadores metálicos que serven para asegurar as bocas do mazo eléctrico.

CHIFRÓN. No mazo hidráulico, conduto vertical situado baixo o banzado, polo que, unha vez accionada a vara da trompa, cae a auga destinada a xerar unha corrente de aire que avive o lume no regazal. Na parte superior ten catro furados ou oídos, para permitir a entrada do aire do exterior ao pasar a auga polo interior. Enriba destes oídos, era frecuente que tivese un estreitamento que provocaba un aumento de presión e unha maior capacidade de succión.

CISCO. Capa de fume e cinzas que se vai adherindo á parede. Nas forxas antigas, ao non haber tambor e cheminea, o cisco caía por riba do ferreiro.

COITELA. A que se emprega na elaboración dos mangos para reducir un tarulo a un taco de madeira, de sección cadrada, estreito e alongado, que logo se leva ao torno. Tamén denominada fouce dos mangos.

COITELO. Ferramenta de corte para uso doméstico. Pataqueiro, de mesa, da carne ou o peixe, xamoneiro e sangrador, son con diferenza os que máis forxan os ferreiros de Riotorto. Tamén din *cuitelo* e *cuchillo*.

COLOR das perdices. Cor amarelenta con moutas de marrón, que debe coller o aceiro nos fouciños despois de *revados* no lume.

COMPAÑÍA. Conxunto de partícipes na propiedade e uso do mazo, que teñen quenda nel. *A Compañía xuntábase cada certo tempo para reparar o mazo.*

COTA. Contrafío, parte grosa e oposta ao corte nunha ferramenta feita para este propósito. Nos fouciños, a cota facíase con ferro, pois non precisaba ter corte e a súa función principal era a de aguantar os golpes sen que o fouciño rompera ao ser utilizado; desde a década de 1990 o ferro foise substituíndo polo aceiro, que se usa para fabricar toda a peza, polo que, a diferenza do fío, o ferreiro nunca a *templa*. Desta maneira, consegue darlle maior dureza e resistencia.

COUP. Modelo de *martinete* eléctrico que, instalado nas forxas, permitiu substituír ao mazo hidráulico. Funciona con aire comprimido, e peta con tanta forza que o seu uso resérvase para os traballos máis brutos como o calzado ou o estirado. O primeiro *martinete* que houbo en Riotorto, deste mesmo modelo, foi traído polo Neiro, un ferreiro de Soutelo, no ano 1955, quen puido facelo funcionar despois de levar a cabo unha complexísima e moi meritoria instalación. Segue a funcionar na mesma forxa, accionado por seu fillo, José Cabo.

CRAVEIRA. Ferramenta que os ferreiros empregaban para facer a cabeza aos cravos.

CRAVUÑAR. 1. Na forxa, técnica que segue ao espalmado e anteceda á *templa*, e que consiste en adelgazar ben o fío, *aposturar* e limpar a ferramenta a golpes de martelo mollado en auga, e que adoita dividirse en tres caldas: de atrás, do medio e de diante. **2.** No mazo hidráulico, operación que dous ferreiros da Compañía, por estrito turno, debían ir facer de oito en oito días, e que consistía en amañar as bocas para que o estirado fose o máis eficiente posible.

CRAVUÑO. *Foucín de.* Modelo de fouciño de segar herba, que se fai para certas zonas de Galicia (Pontevedra, O Porriño...) e Asturias, e que se caracteriza por levar a cota revirada.

CRUÑO. 1. Selo co que o ferreiro marca as pezas da súa autoría, normalmente dúas iniciais (nome e primeiro apelido), polo cal era frecuente que cada dúas xeracións se repetise o nome de varón da familia para

facelo coincidir coa marca. **2.** Útil que emprega para esta finalidade, estampando a golpe de martelo. Ver tamén *sello*.

CRUZ DA RODA. No mazo hidráulico, os catro radios de madeira que parten do ollo da roda cara aos *curvatoes*.

CUARTO. No mazo hidráulico, unidade de medida do tempo, que equivalía a seis horas. *Tal ferreiro tiña un cuarto no mazo* (dispoñía do dereito a seis horas de uso das instalacións, en cada quenda).

CURVAS. Tipo de tenaces que emprega o ferreiro na forxa e que se distinguen pola forma curva das súas pinzas, que debuxan un ángulo recto.

CURVATOES. No mazo hidráulico, cada unha das catro partes curvas que, unidas, forman a circunferencia da roda que move o enxeño, e na que van enxertas as palas.

CURVO. Fouciño de pequenas dimensións, para cortar herba, e que se emprega na provincia de Ourense.

D

DAR Á UÑA. Proba que se fai co coitelo unha vez afiado na moa, consistente en apoiálo levemente sobre a unlla do polgar co obxecto de comprobar que leva o fío adecuado: duro pero algo flexible. Algún afiadador emprega no seu lugar un anel de ferro, que pon nun dedo ao xeito.

DENTADA. Marca que deixa a moa sobre a folla da ferramenta afiada, cando esta non vai ben *pulimentada*.

DESCUBRIR. 1. Na forxa, lucir de modo adecuado o aceiro despois de sacado da auga na operación da *templa*. *Este aceiro é bo, porque descubre ben*. 2. Na moa hidráulica, pulir e limpar ben a superficie da folla, dándolle mellor aparencia.

DURAMADRE. Cerne da árbore, sobre todo carballo, indicada para facer pezas de especial volume e importancia, como o *árbol* do mazo hidráulico.

E

EMPALLAR. Envolver os fouciños nunha lea de palla para protexelos, unha vez rematados e como parte da preparación para o transporte ata o punto de venda. Frecuentemente era labor feminino, igual que o vernizado dos mangos. Ultimamente xa se fai con tiras de papel de periódico.

EMPAVONAR. 1. Rematar o afiado, pulindo a peza e acabando o fío na moa indicada para iso, que se distingue por ser máis pequena e dunha pedra durísima, de grao moi fino, que non desbasta aínda que calquemos moito sobre ela, e que deixa un corte excepcional nas ferramentas. Procedían de pedras de afiar que, unha vez gastadas, podían amosar estas propiedades. 2. Pasar un fouciño ou coitelo pola moa de *empavonar*.

ENCONCHAR. Endurecer, pecharlle o grao á moa de *empavonar* coa axuda dun seixo, para que traballe mellor.

ESBANCADOIRO. Comporta para deixar que pase a auga nunha presa.

ESBANCAR. Ir á madre da presa a abrir o paso da auga para que esta chegue ao banzado.

ESBOCAR. Saltar o fío dun fouciño ou coitelo mentres está a ser utilizado.

ESCOBA. Ferramenta que o afiador emprega para picar a moa. Ver tamén *petelo*.

ESCOIRAL. Lugar con enormes acumulacións de escoiras, e que parecen sinalar unha área de moi antiga calcinación de mineral de ferro, probablemente en fornos de pedra e sen utilización de tecnoloxía hidráulica. Había un enorme *escoiral* no Campón, que foi escavado e destruído con máquinas, e no Mazo de baixo outro, ao lado do río. Non hai memoria oral do seu uso, e atribúenselle lendas de mouros e tesouros, propias de xacementos arqueolóxicos.

ESMALTAR. Ir pelando a madeira cunha fouce ou coitela ata aproximala á forma dun mango para un fouciño, coitelo ou outra ferramenta de corte.

ESMERIL. Aparello eléctrico que contén esta pedra, a modo de pequena moa, e que algúns ferreiros incorporaron recentemente ás súas forxas para pulir e repasar o contorno das follas dos coitelos.

ESMILLAR. Fender, partir ou romper a folla dun foucín ou coitelo, por defectos na *templa* ou na súa labranza na forxa.

ESPALMAR. Na forxa, operación que antecede ao cravuñado e que segue ao estirado. Consiste en dar a forma ao foucín no mazo, a partir dunha pequena tira moi estirada de aceiro. Divídese en 5 “caldas de torneo”, nas que sucesivamente se quenta e somete o aceiro aos golpes secos do mazo, cun xogo ou torneo continuo do pulso; e en 3 “caldas da auga” que, coas diversas partes xa feitas, serven para cerralo, *posturalo* e que vaia limpo.

ESPALMADOR. Aprendiz ou operario da forxa, tamén chamado *de malle*, por ser traballador que manexaba esta ferramenta durante a operación de espalmar, seguindo as instrucións do *maestro*. Ver *malle*.

ESPIGO. **1.** Rabo metálico dunha ferramenta, destinada a quedar aloxada dentro dun mango de madeira. **2.** Corpo do cravo de forxa.

ESTIRAR/sacar. Operación consistente en sacar fouciños a partir dunha tira ou platina de aceiro que é quentada e golpeada no mazo en caldas sucesivas, e que logo se separan ou rabenan para poder traballalos de un en un.

ESTOLDA. No mazo hidráulico, conduto vertical que, situado baixo o banzado e accionado desde o interior mediante unha vara, deixa caer auga sobre as palas dunha gran roda, facéndoo xirar e accionando así todo o enxeño.

ESTREITO. Foucín de folla estreita e con *ancla*, que serve para cortar a herba, e que se manda a diversas zonas de Ourense e Castela e León.

F

FERREIRO. Persoa que labra o ferro e o aceiro nunha forxa, a lume e martelo, para facer ferramentas de diversa índole, aquí especialmente fouciños. En Riotorto, os ferreiros, sempre homes, adoitaban presentarse aos seus clientes como "fabricantes de hoces".

FERRO. Metal moi dúctil, maleable e tenaz, que o ferreiro empregaba naquelas ferramentas que non precisan fío, xa que para este xa é preciso o aceiro. *O ferro ten mao, pero non corta, non templa.*

Actualmente e de maneira xeral, os fouciños e coitelos fanse so con aceiro. Son de ferro as chas ou o martelo, que non poderían ser de aceiro porque unha vez quentes, ao mollalas, *templárianse* e rebentarían.

FÍO. Parte cortante dun fouciño, coitelo ou ferramenta de corte. A sona dos ferreiros de Riotorto procede en gran medida do excepcional corte que acadaban como resultado do labrado tradicional do aceiro na forxa e o afiado a conciencia nas moas. Para probar o fío, mírase *que dé á uña* ou deslízase, sen facer presión, sobre o canto dun papel.

FOIA. Furado de grandes dimensións que se facía no monte para calcinar no seu interior as cepas da uz ou madeira, e obter así carbón vexetal.

FORXA. Espazo ou taller no que o ferreiro traballa o ferro ou aceiro, xeralmente pegado ou moi preto da súa casa.

FOUCE. **1.** Fouciño que non ten rabo coma os demais, senón un *albado* ou tubo para mangalo nun pau longo, e poder así empregalo en rozas difíciles ou na poda de leña miúda. **2.** Noutros lugares, o que aquí denominan foucín de monte.

FOUCÍN/fouciño. Ferramenta de corte definida pola forma curva da súa folla, frecuentemente empregada para a sega ou as rozas, e que é desde antigo especialidade dos ferreiros de Riotorto.

FOUCIÑA. Fouciño que se facía para os labores de sega en Castilla, máis aberto e grande que o que se empregaba para o mesmo cometido na comarca.

FOUZADA. Lesión provocada polo corte ao manexar un foucín. Era accidente moi frecuente nos afiadores, pois moitos fouciños partían en pleno afiado, ao facer presión sobre eles.

FURÓN. Ferro estreito, alongado e aguzado, do que o ferreiro quenta a punta na forxa para furar os mangos e axudar a que o rabo do fouciño penetre mellor a madeira.

FUSO. Na moa, eixo horizontal que transmite o movemento de rotación do rodicio (movido pola auga) ás moas ou pedras de afiar, situadas no mesmo fuso. Tamén chamado ferro, por ser deste material desde as reformas nas moas en torno a 1940.

G

GABILLO. Fouciño de monte de folla ancha e *ancla* torta ou recta, empregado para rozar toxos, xestas e maleza, e moi demandado en zonas como Betanzos ou Curtis.

GALLAMOTE. Manada de fouciños.

GOMALACA. Sustancia orgánica que se produce en Asia a partir das secrecións do “verme da laca” e que, comerciada en líquido ou en forma de escamas, é comprada e empregada por algún ferreiro para aplicala, unha vez derretida ao calor, sobre os debuxos trazados nos mangos dalgún coitelo ou navalla.

GORREÓN. Cada un dos espigos de ferro que van espetados en ambos extremos do *árbol* do mazo, e que, unha vez apoiados sobre cadanseu cepo e cabezal, permiten o seu xiro coa roda.

GRANDA. Ferro estreito e alongado, e aguzado nun extremo, que o afiador arrima á moa durante o seu picado para, ao xirala, poder detectar en que partes é preciso rebaixala. Frecuentemente feita a partir de un focín queimado durante o seu forxado.

GUBIO/sacabocados. Ferramenta de carpinteiro co extremo en forma de media cana, que o ferreiro usa para desbastar e labrar a madeira dos mangos, mentres estas xiran nun torno.

I

INCRE/ingre. Base voluminosa de aceiro sobre a que bate o mazo, ou o ferreiro co martelo na súa forxa, e que, nun e noutro caso, debe ir agarrado a un cepo convenientemente soterrado para ter firmeza e estabilidade. Nas forxas adoita empregarse varias incres, en función do que se estea a facer.

L

LAMPO. 1. Fouciño máis ben pequeno que se emprega para cortar a herba en diversas zonas, como a de Betanzos. **2.** Fouciño de monte, nas zonas de Monforte e Quiroga.

LEA. Palla coa que se envolvía a folla dos fouciños antes de transportalos cara unha feira ou de levarllos a un comprador. Hoxe en día empréganse para esta finalidade tiras estreitas e alongadas, que as mulleres fan con papel de xornal.

LOMBARUDO. Que ten lombo ou curva. *As bocas de estirar deben ir algo lombarudas.*

LOUSA. No mazo hidráulico, a que hai dentro do trobo para facilitar a separación da mestura de auga e aire que cae polo *chifrón*.

LUGUESA. Denominación que ás veces se lle daba ao fouciño feito para a sega do cereal en Castela

M

MACHUCO. Mazo hidráulico.

MADRE DA PRESA. Punto de captación da auga do río, desde o cal se desvía parte do caudal para permitir o funcionamento dun enxeño hidráulico, como a moa ou o mazo.

MAESTRO. Ferreiro que dirixía as operacións dentro da forxa, así como ao grupo de tres ou catro que traballaba canda el, antes de chegar os mazos eléctricos aló polo 1960. Frecuentemente era quen espalmaba coas chas, axudado por un *de malle*, e facía as operacións de forxa máis complexas como caldear, cravuñar ou *templar*.

MAINELO. Oco cadrado ou rectangular, a modo de armario, deixado ao xeito na parede interior dalgúns construcións, como a moa ou o bodego do mazo, para depositar nel pequenos obxectos como as manoplas, unha culler ... Algúns tiñan unhas pequenas portas de madeira para quedar pechados.

MALLE. 1. Martelo grande de aceiro, que se colle coas dúas mans para mallar no ferro e *roer o gordo*, durante o espalmado, en golpes alternativos cos do *maestro*. **2.** *De malle*. Persoa que traballaba con este tipo de martelo polo lado de fóra da incre, tamén chamada *espalmador*, e que se ocupaba igualmente de abalar no barquín para que o ferreiro puidese facer unha nova calda. Foi substituído polo mazo eléctrico.

MALUGREIROS. No mazo hidráulico, as catro levas coas que conta o *árbol* para levantar o mango do xigantesco martelo e deixalo caer con todo o seu peso sobre a incre. A cada volta da roda, lográbanse así catro golpes. Era habitual bañalos con unto, touciño e outras graxas animais para que esvarasen, e o conxunto funcionase así con maior velocidade e menor desgaste.

MANADA. Atado de dez fouciños. Maneira en que se preparaban estas ferramentas para transportalas ata o punto de venta, sen que se danase a súa folla e logrando reducir o volume da carga ao mínimo posible.

MANDIL. Cada un dos tacos de madeira que se empregan para elevar, axustar e soste no aire as tetas da boga, e con ela o mango do mazo hidráulico.

MANGAR. Poñer o mango. É tarefa que se fai despois de *templar* e *rever*, e antes de levar o fouciño á moa. Nos coitelos, mángase unha vez afiado para evitar que se emporque a madeira.

MANGO. 1. Trabe de madeira duns tres metros de longo, que sostén o mazo sobre o seu extremo, que apoia cerca da súa metade no cepo para manterse elevado, e que é accionado polos *malugreiros* no extremo oposto, facendo que o mango suba e baixe coma se dun balancín se tratase. **2.** Na ferramenta que fai o ferreiro, parte de madeira, estreita, longa e xeralmente redondeada, para poder agarrala mellor. Xeralmente de chopo, álamo ou bidueiro. **3.** *De templar*. Mango provisorio, feito de bieiteiro e oco por dentro, que o ferreiro emprega para soste os fouciños polo rabo durante a *templa* e o *revado*.

MANOPLA. Cada unha das proteccións feitas de goma de roda vella, para protexer os polgares e as mans do afiador mentres afía as ferramentas na moa. Disque antigamente facíanse de madeira.

MARCA. **1.** Conxunto de símbolos ou letras que, estampadas na folla da ferramenta, serven para identificar ao ferreiro (ou á familia) que a fixo. **2.** *Cruño* ou selo que, impreso a martelo na folla de coitelos, fouciños e demais ferramentas de corte, permite ao ferreiro marcar a peza co emblema familiar, frecuentemente as siglas dun nome e primeiro apelido, e ao cliente recoñecelo mellor. Transmítese de pai a fillo, de aí que se repetise o nome de varón cada dúas xeracións, procurando con iso asegurar a continuidade da marca.

MARTELO. Ferramenta consistente nun prisma de aceiro con dúas bocas diferentes e cun mango de madeira de lonxitude variable.

MARTELADA. Cada un dos golpes de martelo que certos fouciños da herba levan impresos preto da cota ao longo de toda a folla, co fin de facelos máis guapos, razón pola cal esa parte do fouciño nunca se pasa pola moa.

MARTINETE. Mazo pequeno, que funciona con corrente eléctrica, e que permitiu substituír ao mazo hidráulico e tamén ao peón *de malle*. En Riotorto empréganse dous tipos ou marcas: *Oliveras* e *COUP*.

MAZA. No mazo hidráulico, cada un dos prismas de madeira de grandes dimensións que, instalados verticalmente dentro do banzado, e accionados desde o interior por medio de cadansúa vara, permiten abrir ou pechar a estolda e o *chifrón*, condutos polos que cae a auga almacenada.

MAZO. **1.** Enxeño hidráulico que, aproveitando a forza e enerxía da auga dos ríos, permitía accionar repetida e velozmente un martelo ou mazo de grandes dimensións e peso, co que os ferreiros podían estirar e adelgazar grandes pezas de ferro e aceiro unha vez queantadas nun regazal. **2.** Construción que o acubilla, na beira dun río. **3.** *Martinete* eléctrico que, aloxado xa nas forxas, permitiu substituír ao mazo e deixalo en desuso.

MELA. Deterioro que xorde no fío dunha ferramenta, normalmente derivado do seu uso.

MESA. Posto que o ferreiro monta nas feiras para expoñer e vender a súa mercancía. *Este ferreiro pon mesa en Meira.*

MOA. **1.** Pedra circular, de grao, que o afiador emprega, sempre en contacto con auga, para desbastar, afiar e pulir as ferramentas de corte que o ferreiro fai na forxa. Atopamos dous tipos: a moa de afiar (de grao grosso), e a de *empavonar* (de grao máis fino e moito máis dura). **2.** Construción hidráulica que, abeirada a un río, aproveita un salto de auga para facer xirar unha ou varias moas. **3.** Despois da chegada da electricidade trifásica, polo 1960 nesta zona, edificio que acubilla este enxeño nun espazo anexo á forxa. Recentemente a pedra de grao tradicionalmente usada foi substituída por un abrasivo artificial como o do esmeril, que dura máis e gástase mellor.

MOLLADAS, xogar ás. Xogo propio dos afiadores cando traballaban nas moas do rego, consistente en mollarse os uns aos outros ao ir camiñando xuntos por unha presa, axudándose para iso dun pau ou da culler do xantar.

MUCHICA. Partícula con lume ou xa reducida a cinza, que salta dun corpo en chamas. O ferreiro emprega unha badana para non furar a roupa coas *muchicas*.

O

OÍDO. No mazo hidráulico, cada un dos catro furados que levaba o *chifrón*, para permitir que o paso da auga a través dun estrangulamento situado xusto sobre eles succionase aire do exterior.

OLIVERAS. Marca dun dos dous modelos de mazo ou *martinete* eléctrico que permite estirar o aceiro nas forxas. Funciona cun motor mecánico e caracterízase por petar con menos forza e con maior frecuencia que o *COUP*, sendo mellor para o espalmado. Procedían dunha fábrica de Granollers.

P

PALA. Cada unha das aspas coas que conta unha roda ou rodicio nunha construción hidráulica. No Mazo da Fraga, a roda, de case dous metros de diámetro, contaba con dezaseis palas. Cando esta roda é de madeira, como no mazo, a aspa é recta, pero nas de fundición ten forma cóncava, de cazolo, para recoller mellor a auga e aumentar a súa potencia de xiro.

PASAR. Estragar o aceiro por unha mala aplicación ou coidado nas técnicas de forxa. *Se o ferreiro non molla o fouciño despois do revado para arrefrialo, irá abrandando, e podería pasarse.*

PECHO. Láminas finas de madeira para mangar e axustar a pedra da moa no fuso, coa axuda de cuñas tamén de madeira.

PECÍN/castelo/pirilla/. Tope ou saínte que o ferreiro deixa na base dalgúns dos mangos de certos fouciños, co obxecto de que a man do labrego poida suxeitalos mellor.

PEDRA. Carbón mineral.

PENEDO. Pedra que se pasaba sobre a moa de *empavonar*, co obxecto de cegala e tupirle o grao. A diferenza da de afiar, esta non se podía picar xa que o seu grao era moi fino e duro, e non interesaba que desbastara, senón tan só que pulise e dese brillo. Ver *seixo*.

PETEIRO/petelo. **1.** Punta reforzada e sen fío que o ferreiro fai a algúns fouciños de monte a petición do cliente, sobre todo en zonas onde predominan os afloramentos rochosos. **2.** Martelo especial, de dobre boca, co que o afiador pica periodicamente as pedras de afiar na moa.

PICAR. Na moa, repasar a pedra de afiar para quede igual de *lombaruda* por todo e asegurarse que a súa superficie vaia homoxénea e regular.

PICO. Na moa, ferramenta coa que tradicionalmente se lle facía o ollo ás moas de cantería para poder mangalas no fuso.

PINZAS. Nas chas, extremo co que se colle o aceiro quente, e que adoita ter diversas formas en función da tarefa para a que estean pensadas.

PLACA. Pasta industrial que atopou escaso uso na zona e que, botada sobre o ferro e o aceiro en quente, axudaba a caldear e soldalos mellor no lume.

PLATINA. Peza de aceiro plana, de trinta milímetros de ancho e espesor case ínfimo, de tan so seis milímetros, de uso moi estendido nos últimos anos nas forxas, debido ao aforro de traballo que supón con respecto ás tradicionais barretas, practicamente eliminando a necesidade da técnica do estirado.

PLAZA. **1.** Lugar no o ferreiro pon mesa para vender. **2.** Sona e recoñecemento que a marca dun ferreiro ten entre a xente de determinado lugar, no que adoita ou adoitaba vender. *Esta marca tiña moita plaza aló.*

PODA. Fouciño alongado e case recto, de folla moi ancha e grosa e con mango redondo, que se emprega para cortar canas de árbores e se vende en diversas zonas da provincia da Coruña.

PODÓN. Fouciño de monte de folla ancha, *ancla* curta e levantada, e mango redondo, e que se manda ás zonas de Ourense e Monforte.

PRESA. 1. Canle ou rego que serve para levar auga desde o río ata unha edificación na que se emprega como fonte de enerxía para accionar un mecanismo, como no caso do mazo, a moa, o muín... **2.** Madre da. Punto exacto do río no cal se desvían as augas coa finalidade xa expresada.

PÚCARO. *Pucheira. Pucheiro.* Recipiente de barro e máis recentemente porcelana, no que a muller do ferreiro levaba diariamente a comida ao afiador que seu home tiña traballando na moa hidráulica, no fondo do val. Adoitaba encherse con sopas de pan, de allo ou con caldo *relustrido*, e acompañarse dun papel no que se metía medio quilo de pan e un bo cacho de *carne de vapore*. En ocasións, o afiador facíalle un furadiño co petelo de picar a moa para que non lle botasen máis cantidade a partir desa altura. *As pucheiras traíanas de aló de Mondoñedo, pois facíanas alí.*

PULIMENTAR. Na moa, paso técnico consistente en repasar a folla do fouciño abaneándoa sobre a pedra cun leve pero continuo movemento de pulso.

PUXAVANTE. Tipo de *ancla*, afundida con respecto ao mango, que o ferreiro deixa a algúns fouciños de monte a petición dos clientes da zona, como é o caso dos que van para Mondoñedo. Toma o seu nome dunha ferramenta con forma similar, empregada polos ferradores.

Q

QUENDA. 1. Rolda. Período de tempo necesario para que todos poidan gozar dun dereito que teñen adquirido. *No Mazo da Fraga traballaban dezoito ou vinte ferreiros en seis quendas.* **2.** Sistema de organización para repartir o uso de certas instalacións comunais ou de herdeiros, como o mazo hidráulico.

QUIEBRA. *Ir de ~.* Costume que había nos mazos hidráulicos, consistente en ir traballar nel aos domingos, que era o único día da semana na que o mazo estaba libre.

R

RABENAR. Cortar as tiras de aceiro, despois de estiradas no mazo, polo punto que permitirá facer un fouciño a partir de cada unha delas. É operación que se fai sobre a incre de rabenar, apoiando o punto no quere cortar sobre unha aresta ou nunha talladeira ao xeito.

RABO. Extremo proximal do foucín, oposto á punta, que se deixa feito xa na terceira calda do espalmado, e coas dimensións axeitadas para quedar aloxado no mango.

REBARBA. Aceiro sobrannte no fío do fouciño e que o afiador elimina repasándoo sobre a moa.

REFOIO. Na operación do caldeado ou calzado, puntos nos que a soldadura de ferro e aceiro é defectuosa. Adoitaban ser máis frecuentes ao calzar con carbón de pedra, máis rin para este cometido que o de cepa.

REGAZAL. Banco de traballo na forxa, no que o ferreiro quenta o aceiro con axuda de aire e o carbón. Cada taller adoita ter dous como mínimo: un baixo e en desuso, para calzar, e outro alto para o resto das operacións. O de *templar*, adoita ter un baño de auga na parte inferior.

RELUSTRIDO. Refrito de aceite e pemento, ou incluso algo de azucre, que as mulleres dos ferreiros engadían ao caldo que, diariamente, debían cociñar e levar en púcaros ao afiador na moa hidráulica.

REPOLAR. Afeitalle a palla sobrante aos lotes de fouciños cunha tesoiira, para que pinten máis curiosos.

REVER. Técnica consistente en quitar dureza despois da *templa*, poñendo a folla sobre as lapas ata acadar a que os ferreiros denominan *color das perdices*, tras a cal o fouciño gaña flexibilidade. Ás veces a *templa* provoca algunha leve torcedura, polo que aprovéitase este rebaixe na tensión interna do aceiro para volver enderezalo cuns golpes de martelo.

REVADO. Acción e efecto de rever. Adoita dicirse tamén *revenido*.

RILAR. Rozar un *foucín* contra a cota doutro ao portalos nun cesto, estragándose así o seu fío. As mulleres, que os transportaba en cestos desde a forxa á moa e viceversa, debían ter por iso moito coidado á hora de colocalos.

RODA. No mazo hidráulico, rodicio de case dous metros de diámetro e dezaseis palas que, impulsado pola auga que acumula o banzado, serve para mover todo o enxeño.

RODICIO. Roda do mazo ou da moa hidráulicos.

ROMPER. Desbastar o fouciño na moa. É operación pola que adoita empezarse o afiado dos fouciños.

S

SACAR. Ver *estirar*.

SALTO. Desnivel de consideración, que ofrecía condicións idóneas para conducir ata el a auga por medio dunha presa, acumulala grazas a un banzado e precipitala, a través dunha cal, sobre unha roda para accionar con ela un enxeño. Lugar no que hai unha moa, un mazo ou un muíño hidráulicos.

SANGRADOR. Coitelo de grandes dimensións, de folla ancha e grosa e con moita punta, que os ferreiros de Riotorto adoitan forxar integramente (mango incluído) en aceiro, e que se emprega para sangrar aos cochos na matanza.

SANTIAGO. Día vinte cinco de xullo, sinalado no almanaque de ferreiros e afiadores, por ser aquel no que o primeiro pagaba os servizos de todo o ano ao segundo e tamén aos *espalmadores*, parando tamén por entón a maioría dos traballos propios do oficio ata setembro. *Polo Santiago acaba todos os anos a campaña*.

SEIXO da moa de *empavonar*. Pedra abrancazada, lisa e suave, coa que o afiador repasa a superficie desta moa, co obxecto de enconchala (pecharlle o grao e endurecela) podendo facer así mellor o seu cometido.

SELLO. 1. Na forxa, instrumento feito de aceiro ben duro que emprega o ferreiro para imprimir, axudándose dun martelo, determinadas letras ou signos, a modo de marca de autenticidade, na folla da ferramenta que fai. **2.** Sinal impreso que queda na folla, tamén

denominado *cruño*. **3.** No mazo hidráulico, cada unha das argolas ou aros de ferro que rodean e reforzan o *árbol*.

T

TABLEIRO. Na moa, prancha de madeira, de forma cadrada ou rectangular e colgada nunha parede, que o afiador emprega para chantar nela os fouciños despois de afiados co obxecto de que sequen. A dos coitelos, en cambio, non se colga, e presenta unha chea de furados para metelos neles polo rabo, posto que non se lles pon o mango ata despois de secados.

TALLADEIRA. Ferramenta que emprega o ferreiro para cortar o aceiro en quente. Pode ser pasiva (encaixada nun furado ao xeito na superficie da incre, para apoiar sobre ela), ou activa (con mango e xeralmente empregada para apoiar sobre a superficie a cortar e golpear sobre ela).

TAMBOR. Campá con forma piramidal que, moi aberta pola base e situada sobre o regazal, ten por finalidade recoller e evacuar o fume da forxa conducíndoo ao exterior por unha cheminea.

TARULO. Toro de madeira sobre o cal senta o ferreiro para acomodar o corpo mentres fai os mangos, ou mentres machuca o ferro no mazo.

TEMPLAR. Técnica que segue ao cravuñado e que consiste en meter ao roxo a peza forxada nun baño de auga, para que o cambio brusco de temperatura lle dea dureza ao corte da ferramenta. A estrutura interna do aceiro vólvese así cristalina, fragilidade que é preciso corrixir de inmediato por medio do *revido*. Ambas son operacións que esixen uso de carbón vexetal, por ser máis limpo e dar menos calor e dureza que o de pedra, o que permite obter *unha templea máis graciosa*.

TENDAL. No mazo hidráulico, pedra que, situada no extremo oposto á cabeza do martelo, se empregaba para provocar que o mango, revestido nesa parte pola *ximela*, rebotase con máis forza e brío.

TETAS da boga. No mazo hidráulico, espigos que a boga leva nos laterais para asentar e oscilar sobre as *aldabarras*, permitindo así o balanceo do mango.

TORNEAR. Labrar no torno a madeira dos mangos ata deixalos redondos e suaves, como os que levan os fouciños ou coitelos que se fan en Riotorto.

TORNO. Sinxela máquina eléctrica que, mediante un movemento de rotación, fai virar a gran velocidade a peza de madeira que o ferreiro desbasta ata sacar un mango.

TRAMPILLA/trapela. Panca coa que se regula a cantidade de aire que entra no regazal procedente do barquín ou, no seu caso, do ventilador eléctrico.

TRINCHA. Ferramenta de carpinteiro, de folla plana, grosa, longa e afiada na punta, e coa que o ferreiro pule os mangos ou fai incisións neles mentres xiran no torno.

TROBO. No mazo hidráulico, caixa na que remata o *chifrón*, aberta polo fondo e en contacto coa auga, e na que hai unha lousa para facilitar a separación de auga e aire. Desde o trobo, sae un canón ou trombo, para conducir o aire ata o regazal.

TROMBO. Ver *canón*.

TROMPA. No mazo hidráulico, sistema que, accionado desde o interior do edificio polo ferreiro, permite xerar unha corrente de aire a partir da caída dun chorro de auga desde o banzado, coa finalidade de avivar o lume no regazal.

TUBEIRA. Conduto metálico e cilíndrico, instalado con algúns graos de inclinación e a certa profundidade no regazal, polo que sae o aire procedente da trompa, do barquín ou do ventilador para avivar o lume na forxa. Debido ás altas temperaturas ás que está sometida, é ferramenta delicada e de importancia. No mazo hidráulico, onde o uso das instalacións era compartido e repartido en quendas, a tubeira era ferramenta privada que debía levar e poñer cada ferreiro antes de usar.

TUFO. Especie de punzón metálico e aguzado que utilizan os ferreiros como molde para curvar o aceiro ou facer as embocaduras dalgunhas ferramentas, presentando diversas variantes nas formas e tamaños segundo a súa finalidade.

TURTULLO. Feixe de palla centea que, arrimado á superficie da moa de afiar, axuda a repartir a auga por toda a pedra ao mesmo tempo que a limpa de partículas e contribúe a mellorar o afiado e protexer ao afiador.

U

UZ. Planta arbustiva das ericáceas, de flores abrancazadas ou violáceas e raíces grosas e bulbosas que se empregan para facer carbón vexetal, moi apreciado polos ferreiros por ser máis limpo e de maior calidade.

V

VARA. Panca que, tirando dela, acciona un determinado mecanismo, como pode ser o barquín dunha forxa. No mazo hidráulico, había outras dúas: a da estolda, que permitía que a auga movese a roda; e a do *chifrón*, que aproveitaba a caída da auga para xerar unha corrente de aire que avivase o lume.

VARILLA. Parte do fouciño que serve de brazo entre a folla e o mango. Ver *ancla*.

VASOIRA. Nalgunha forxa, fachuco de palla que, mollado en auga, se usa para arrefriar algo o lume do regazal e que non dea tanta lapa cara o peito do ferreiro.

VERDUGUILLO. Fouciño bastante aberto, de folla moi estreita e sen *ancla*, que os ferreiros de Riotorto fan para a sega nas comarcas de Ulloa (Monterroso) e Deza (Lalín).

VERGALLÓN. Barra de ferro, longa e de certo grosor, da que o ferreiro partía cando quería facer unha ferramenta caldeándoa cunha tira de aceiro.

VOLANTE. Na moa eléctrica, roda que serve para transmitir o movemento de xiro ás pedras de afiar. Ocupa o lugar do rodicio nas vellas moas do rego.

X

XAMONEIRO. Coitelo de folla longa e estreita e mango redondo, que o ferreiro fai e vende como idóneo para cortar o xamón.

XIMELA. No mazo hidráulico, protección de ferro que revestía o extremo do mango oposto ao martelo, xusto no punto no que debía golpear co tendal.

XUSTADO, pagar ao. Acordo ao que podían chegar o ferreiro e o seu afiador, se ambos aceptaban (xustaban) un mesmo prezo polo traballo de todo o ano (tantas pesetas por peza afiada, independentemente do que fose: fociño, coitelo, brosa...).

BIBLIOGRAFÍA

ABRAIRA PÉREZ, Miguel: *Ferreiro, técnica, cultura. O traballo tradicional do ferro en Riotorto, A Pontenova e Taramundi*, VII Premio de Investigación X. Ferro Couselo (2002), Concello de Valga, 2003.

ABRAIRA PÉREZ, Miguel, *et alii*: "Un aspecto perdido do traballo tradicional do ferro no val do Eo: o mazo hidráulico". *Murguía: revista galega de historia*, 2003, nº 10, p.37-58.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: "Etnografía: cultura material". En OTERO PEDRAYO, R.: *Historia de Galiza*, volume 2, Buenos Aires, 1962.

- "O mazo, a trompa e a moa". *I Congreso de etnografía e folclore* (Braga, 1956), Junta da Acção Social, Lisboa, 1963, vol.2, p.175-181.

VÁZQUEZ PINTOR, Xosé: "Os ferreiros". En *A tribo sabe*, Xerais, 1999, p.77-97.